

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG10I1E	<i>Expediente</i> CON/6/2016	<i>Fecha</i> 09-09-16 13:03

Número 15 .- Proposta do concelleiro delegado substituto de Economía e Facenda relativa á adxudicación do servizo alleo de prevención de riscos laborais para o Concello de Santiago de Compostela.

Destinatario



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 09 de setembro de 2016 adoptou o seguinte acordo:

NÚMERO 15 .- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO SUSTITUTO DE ECONOMÍA E FACENDA RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO SERVIZO ALLEO DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS PARA O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta, de data 31 de agosto de 2016, do concelleiro delegado de Economía e Facenda en funcións. Así mesmo, do informe favorable con observacións, de Intervención nº 2016/490 de data 5 de setembro de 2016, no senso que a aplicación orzamentaria debe ser a 030 92000 22706 en lugar da 080 92000 22706 que figura na proposta.

A devandita proposta é do seguinte teor literal:

"Xan Duro Fernández, concelleiro delegado de economía e facenda en funcións, por delegación do decreto de alcaldía do 17/08/2016, a vista dos resultados da mesa de contratación da licitación "Servizo alleo de prevención de riscos laborais para o Concello de Santiago de Compostela", conforme os termos establecidos no artigo 320 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por RD Legislativo 3/2011 de 14 de novembro, en relación co art. 22 do RD 817/2009 de 8 de maio, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 16/06/2015,

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG10I1E	<i>Expediente</i> CON/6/2016	<i>Fecha</i> 09-09-16 13:03

EXPÓN:

Primeiro: Con data 12 de xullo de 2016, celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas é a do licitador GEROSALUD SL.

Segundo: Con data 2 de agosto, celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requirimentos.

En consecuencia, e conforme ao acordado nas correspondentes reunións da mesa de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa **GEROSALUD SL** (CLINICA GAIAS) CIF: B15672850, que oferta realizar os traballos por un importe de **50.900 euros/ano**, ó ser a súa a máis vantaxosa das presentadas, desglosado polos seguintes conceptos:

Actividades técnicas de prevención: 32.900 €/ano (máis IVE 21% : 6.909 €/ano)

Actividades de Medicina do Traballo: 18.000 €/ano (exento de IVE)

Así mesmo, compromete a realización de probas e servizos médicos adicionais ós recollidos nos prego de prescricións técnicas, así como a realización de cursos de formación para o persoal municipal.

Designase como responsable do contrato ó xefe de sección de prevención de riscos laborais D. Xaime Lugilde Fonseca.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **080 92000 22706**, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2016: 10.405,63 euros.

Anualidade 2017: 57.809,00 euros.

Anualidade 2018: 47.403,37 euros."

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG10I1E	<i>Expediente</i> CON/6/2016	<i>Fecha</i> 09-09-16 13:03

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros:

Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa **GEROSALUD SL** (CLINICA GAIAS) CIF: B15672850, que oferta realizar os traballos por un importe de **50.900 euros/ano**, ao ser a súa a máis vantaxosa das presentadas, desglosado polos seguintes conceptos:

Actividades técnicas de prevención: 32.900 €/ano (máis IVE 21% : 6.909 €/ano)

Actividades de Medicina do Traballo: 18.000 €/ano (exento de IVE)

Así mesmo, compromete a realización de probas e servizos médicos adicionais aos recollidos nos prego de prescricións técnicas, así como a realización de cursos de formación para o persoal municipal.

Desígnase como responsable do contrato ao xefe de sección de prevención de riscos laborais D. Xaime Lugilde Fonseca.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **030 92000 22706**, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercizos orzamentarios:

Anualidade 2016: 10.405,63 euros.
Anualidade 2017: 57.809,00 euros.
Anualidade 2018: 47.403,37 euros.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO

Asdo: Xan Xesús Duro Fernández

